

LISTA DE ASISTENTES

Manuel García Sánchez (Coordinador)

Cristina López Bravo (Secretaría)

Rebeca P. Díaz Redondo

José Ramón Fernández Bernárdez

Alberto Gil Solla

Martín Llamas Nistal

M^a Soledad Torres Guijarro

EXCUSAN ASISTENCIA

Mónica Fernández Barciela

Roberto López Valcarce

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de **dezanove de xuño de dous mil dezanove**, reunida ás 10:30h, na Sala A010 (acristalada) da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O mércores, día 19 de xuño de 2019, ás 10:30h, da comezo a sesión ordinaria de Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida polo catedrático D. Manuel García Sánchez, e actuando como secretaria a profesora Dna. Cristina López Bravo.

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe do coordinador.
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Aprobación, se procede, da asignación de profesores do programa a liñas de investigación e axuste das mesmas.
4. Aprobación, se procede, da avaliación anual correspondente ao curso 2018/19.
5. Aprobación, se procede, dos informes “Análise do perfil real de ingreso/egreso” e “Análise das enquisas de satisfacción do estudantado”.
6. Asuntos de trámite.
7. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Informe do coordinador.

O coordinador informa sobre a pasada xornada de avaliación. O premio o mellor póster recibíuno o alumno **Abdullah Rady Ewis Daif**.

Tamén informa sobre a necesidade de convocar unha nova reunión da comisión para resolver a concesión das bolsas de mobilidade e a aprobación do informe de acreditación (previsiblemente o 8 de xullo).

Punto 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non habendo alegacións, apróbanse por asentimento, as actas das sesións do 31 de maio e do 5 de xuño de 2019.

Punto 3.- Aprobación, se procede, da asignación de profesores do programa a liñas de investigación e axuste das mesmas.

Hai seis profesores do programa que aínda non tiñan asignada unha liña de investigación. Apróbase, por asentimento, facer as seguintes asignacións:

- Miguel Rodríguez Pérez: Redes de datos e Arquitecturas e servizos telemáticos.
- Sergio Herrería Alonso: Redes de datos.
- Marcos Arias Acuña: Comunicacions radio.
- Laura Docío Fernández: Procesado de sinal.
- Óscar Márquez: Procesado de sinal.
- Pedro Comesaña Alfaro: Procesado de sinal e comunicacións dixitais.

Apróbase, por asentimento, que a antiga liña “Técnicas MIMO en redes móbiles” pase a formar parte da liña “Comunicacións radio”.

Punto 4.- Aprobación, se procede, da avaliación anual correspondente ao curso 2018/19.

Apróbanse os Plans de Investigación do alumnado relacionado a continuación:

- David Candal Ventureira
- Bruno Miguel Fernandes da Silva
- Pablo Fondo Ferreiro
- Tomás Lestayo Martínez
- Silvestre Lomba Malta
- Nuno Melo Figueiredo
- Alberto Pedrouzo Ulloa
- Daniel Pérez Cabo
- João Pinto da Silva Ulisses
- António Aristides Romualdo Carvalho
- Pedro César Santana Mancilla
- Elgeddawy Yasser Hosny Husseis
- Saber Mhiri
- Ivan Otero González

Apróbase a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2018-19, e a correspondente avaliación anual favorable do alumnado relacionado no Anexo I.

Non se aproba nin o Plan de Investigación nin a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2018-19 dos seguintes alumnos:

- Liliana Chaglla Rodríguez
- Adel Amr
- Alaa El-Deen Ahmed Rana
- Elgeddawy Yasser Hosny Hussein
- Juan Eloy Espozo Espinoza
- José Paulo Fernandes de Macedo
- Mohamed Naguib Ibrahim Hussein Elawadi Radwa
- Luis Serpa Andrade

polos motivos recollidos nas rúbricas do director de Tese e do tribunal de avaliación da actividade formativa. Estas rúbricas foron enviadas ao alumno e ao seu director. Adel Amr, Alaa El-Deen Ahmed Rana, Juan Eloy Espozo y José Paulo Fernandes de Macedo poderán presentar unha nova versión do póster nun período de 15 días, Liliana Chaglla Rodríguez, Elgeddawy Yaser Hosny Hussein, Mohamed Naguib Ibrahim Hussein Elawadi Radwa e Luis Andrade Serpa terán que repetir a avaliación dentro de seis meses.

Non se aproba nin o Plan de Investigación nin a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2018-19 dos seguintes alumnos:

- Marcos José Gómez Villaverde
- Francisco Parada Loira
- José Manuel Viamontes Martins
- Antonio Vidal Vidal
- Pablo Vilar Gómez

por non terse presentado o proceso de avaliación.

Punto 5.- Aprobación, se procede, dos informes “Análise do perfil real de ingreso/egreso” e “Análise das enquisas de satisfacción do estudiantado”.

Apróbanse, por asentimento, os informes “Análise do perfil real de ingreso/egreso” recollido no Anexo II, e “Análise das enquisas de satisfacción do estudiantado” recollido no Anexo III.

Punto 6. Asuntos de trámite.

- Apróbase a solicitude de baixa definitiva do alumno Eduardo Ramos Muguerza.
- Apróbase a xustificación da estadia do alumno Mateo Ramos Merino, condicionada a que os titores remitan un informe xustificando a relación da estancia coa tese do alumno.
- Apróbase a solicitude de cambio a tempo parcial do alumno Orlando Ferreira Pires, con data 26 de outubro de 2018.

Punto 7.- Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A Secretaria

O Presidente

Cristina López Bravo

Manuel García Sánchez

Anexo I – Relación de alumnos que aproban a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2018-19, e a correspondente avaliación anual.

- David Álvarez Outerelo
- Óscar Barba Seara
- Javier Bernardo Cabrera Mejía
- David Candal Ventureira
- Maria Isabel de Castro Lopes Martins Pinto Ferreira
- Héctor Cerezo Costas
- Artur Costa Pazo
- Daif Abdullah Rady Ewies
- Carlos Egas Acosta
- Ghofrane El Haj Ahmed
- Carmelo Branimir España Villegas
- Bruno Miguel Fernandes da Silva
- Elías Fernández Domingos
- Orlando Ferreira Pires
- Pablo Fondo Ferreiro
- Alexander Garcia Davalos
- Silvia García Méndez
- Damián González Figueroa
- Luis Fernando Guerrero Vásquez
- Mohamed Nor Halawa Mohamed Soliman
- Hussain Khawar
- Hicham Klaina
- Tomás Lestayo Martínez
- Martín Liz Domínguez
- Silvestre Lomba Malta
- Kamel Menna Allah Maged Moustafa
- Luis Ricardo Manuel Meira Ferrao
- Nuno Melo Figueiredo
- Saber Mhiri
- Manar Mohamed Hafez
- María del Rocío Moure Fernández
- Mina Namaziesfanjani
- José Manuel Nieto Díaz
- Ivan Otero Gonzalez
- Alberto Pedrouzo Ulloa
- David Pérez Cabo
- Daniel Perez Cabo
- Ulisses Joao Pinto da Silva
- Tomás Ramírez Parracho
- Mateo Ramos Merino
- Antón Román Portabales

- António Aristides Romualdo Carvalho
- Fernandes Bruno Sa Moreira
- Pedro César Santana Mancilla
- David Santos Domínguez
- Eduardo Antonio Soto Rodríguez,
- Anxo Tato Arias

ANEXO II

INFORME

ANÁLISE DO PERFIL REAL DE INGRESO E EGRESO NO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS (DocTIC)

Vigo, 19 de xuño de 2019

Neste informe sobre o perfil de ingreso e egreso dos/as estudantes do Programa de Doutoramento en Tecnoloxías de Información e as Comunicacións, analizarase o período comprendido entre o curso de implantación do programa (o curso 2013/14), e o último curso impartido (o curso 2017/18).

Perfil de Ingreso

A memoria do programa de doutoramento establece na sección 3.2. “Requisitos de acceso y criterios de admisión” que:

O perfil de ingreso recomendado é o de Enxeñeiro de Telecomunicación, Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación, Mestrado en Teoría do Sinal e Comunicacións, Mestrado en Enxeñaría Telemática, ou Mestrado en Radiocomunicacións e Enxeñaría Electromagnética pola Universidade de Vigo.

Para os estudantes con estudos de mestrado nacionais ou estranxeiros relacionados coas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, estudarase a súa afinidade por parte da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD). Tomaranse como referencia as competencias do título oficial español de Mestrado de Enxeñaría de Telecomunicación. Nestes casos a CAPD poderá condiciona-la admisión á superación de complementos de formación específicos que establecerá en cada caso dentro da oferta de ensinanza dos mestrados da Universidade de Vigo no ámbito das TICs.

O número anual de estudantes de novo acceso no período avaliado varía entre os 20 e os 26, o que reflicte que a decisión de incrementar o número de prazas de acceso de 20 a 30 foi acertada (Gráfica 1). O descenso nos últimos anos no número de estudantes de novo acceso con respecto aos primeiros anos de implantación do programa responde a que xa non se incorporan alumnos e alumnas dos antigos programas de doutoramento, xa extintos.

A porcentaxe de estudantes de novo acceso que proceden doutra universidade, coa excepción do curso 2014/15, mantense por enriba do 15% (Gráfica 2). Se ben esta porcentaxe non é moi elevada, para analizala é preciso ter en conta que o número de estudantes estranxeiros/as no programa de doutoramento está próximo o 50% no curso 2017/2018 (Gráfica 5). Esta diferenza débese a que a meirande parte dos/as estudantes estranxeiros/as teñen cursado con anterioridade unha titulación de Máster na Universidade de Vigo. En consecuencia podemos considerar que o número de estudantes que proceden doutras universidades estranxeiras é alto.

O número de estudantes que requiriron complementos de formación o longo do período analizado é moi baixo (Gráfica 3) o que demostra que, de ter cursado un mestrado diferente ó perfil recomendado, a CAPD considerou a súa afinidade co perfil recomendado atendendo ás competencias do título oficial español de Mestrado de Enxeñaría de Telecomunicación.

A porcentaxe de estudantes a tempo parcial varía entre o 34,6% e o 42,5 % (ver Gráfica 4), dado que un conxunto significativo dos nosos e das nosas estudantes compatibilizan os seus estudos de doutoramento con outras actividades profesionais. Se ben nalgún caso puntual, esta situación supón unha ralentización no avance da tese, a vista dos resultados das avaliacións anuais, a maior parte dos alumnos e alumnas matriculados a tempo parcial, avanza a un ritmo adecuado.


No período avaliado observamos que a porcentaxe de alumnas matriculadas no programa alcanza o 21%, fronte ó 79% de alumnos matriculados. Estudaremos posibles medidas a implementar para reducir esta diferenza.

En canto á titulación de acceso (ver táboa 1) no curso 2013/14 a maioría dos ingresos corresponderon con estudantes que tiñan cursado unha titulación LRU e mais un mestrado ou ben tiñan recoñecido ou o Diploma de Estudos Avanzados (DEA). Nos cursos posteriores a Universidade de Vigo permitiu o acceso directamente cunha titulación superior LRU, e esta foi a modalidade de acceso da maioría dos/as estudantes.


No curso 2015/16 incorporouse o primeiro estudante con titulación de grao/mestrado conforme o EEES. En anos sucesivos o número de accesos por esta vía incrementouse ao tempo que diminúe o número de accesos procedentes directamente dunha titulación superior LRU.

En conclusión, pódese considerar que o perfil real de ingreso axústase ó previsto, e polo tanto, non é necesario modifica-lo.


GRÁFICAS




Gráfica 1




Gráfica 2



Gráfica 3



Gráfica 4



Gráfica 5

Curso Académico	Estudio de Acceso	Sexo	Num. Ingresos		
2013/2014	Ciencias da saúde	Home	1	1	
		Muller	0		
	Diploma de Estudos Avanzados [DEA]	Home	4	4	
		Muller	0		
	Equivalencia título estranxeiro de fóra do EEES	Home	4	4	
		Muller	0		
	Ter 300 créditos ECTS dos que 60 créditos ECTS pertencen a unha titulación de máster	Home	11	14	
		Muller	3		
	TOTAL		23		
	2014/2015	Diploma de Estudos Avanzados [DEA]	Home	2	3
Muller			1		
Equivalencia título estranxeiro de fóra do EEES		Home	4	6	
		Muller	2		
Ter 300 Cr. LRU nunha titulación de 1º y 2º Ciclo		Home	11	14	
		Muller	3		
Ter 300 créditos ECTS dos que 60 créditos ECTS pertencen a unha titulación de máster		Home	2	2	
		Muller	0		
Título de doutor		Home	1	1	
		Muller	0		
TOTAL		26			
2015/2016	Diploma de Estudos Avanzados [DEA]	Home	6	6	
		Muller	0		
	Equivalencia título estranxeiro de fóra do EEES	Home	1	1	
		Muller	0		
	Suficiencia investigadora	Home	1	1	
		Muller	0		
	Ter 300 Cr. LRU nunha titulación de 1º y 2º Ciclo	Home	6	9	
		Muller	3		
	Ter 300 créditos ECTS dos que 60 créditos ECTS pertencen a unha titulación de máster	Home	2	6	
		Muller	4		
Título de grao e máster	Home	1	1		

Curso Académico	Estudio de Acceso	Sexo	Num. Ingresos	
		Muller	0	
	TOTAL	24		
2016/2017	Diploma de Estudos Avanzados [DEA]	Home	3	4
		Muller	1	
	Equivalencia título estranxeiro de fóra do EEES	Home	7	8
		Muller	1	
	Estudos de primeiro ciclo de países alleos ó EEES e máster de países do EEES	Home	2	2
		Muller	0	
	Ter 300 créditos ECTS dos que 60 créditos ECTS pertencen a unha titulación de máster	Home	3	3
		Muller	0	
	Título de grao e máster	Home	4	5
		Muller	1	
	TOTAL	22		
2017/2018	Diploma de Estudos Avanzados [DEA]	Home	1	1
		Muller	0	
	Equivalencia título estranxeiro de fóra do EEES	Home	5	8
		Muller	3	
	Ter 300 Cr. LRU nunha titulación de 1º y 2º Cielo	Home	1	1
		Muller	0	
	Ter 300 créditos ECTS dos que 60 créditos ECTS pertencen a unha titulación de máster	Home	4	4
		Muller	0	
	Título de grao e máster	Home	4	4
		Muller	0	
Título universitario oficial que obtivera a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES)	Home	2	3	
	Muller	1		
	TOTAL	21		

Táboa 1. Estudo de acceso.

Perfil de Egreso

No período avaliado defendéronse 15 teses. A información recollida sobre os titulados e as tituladas a través dos seus titores e titoras resúmese na Táboa 2. Todos/as os/as egresados/as do programa están

traballando. O 87,3 % está empregado/a nun posto relacionado coas TIC (sexa nunha universidade, nun centro de investigación ou nunha empresa do sector TIC). Ademais, para a maioría (80%) o doutoramento foi relevante para conseguir o seu actual posto de traballo.

Cabe destacar que o 60% traballa nun centro de investigación ou nunha empresa estranxeira.

Nº de Egresados/as	Centros de investigación públicos ou privados	Traballa nunha empresa do sector TIC	O doutoramento é un requisito para o seu posto de traballo	O seu Doutoramento foi relevante para conseguir os seu actual posto de traballo	Centro de investigación ou empresa no estranxeiro
15	10 (60,7%)	4 (26,6%)	3 (20,0 %)	9 (60%)	9 (60%)

Táboa 2. Perfil dos egresados e egresadas.

Anexo III

INFORME

ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DO PROGRAMA DE
DOUTORAMENTO EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS
(DocTIC)

Vigo, 19 de xuño de 2019

Neste informe sobre a satisfacción dos e das estudantes do Programa de Doutoramento en Tecnoloxías de Información e as Comunicacións, analizarase o período comprendido entre o curso de implantación do programa (o curso 2013/14), e o último curso impartido (o curso 2017/18). Para este período dispoñemos das enquisas realizadas en xaneiro de 16 e xaneiro de 2017.

Enquisa de satisfacción do alumnado de 1º

Esta enquisa foi realizada entre o alumnado matriculado por 1ª vez no programa nos cursos 2015/16 e 2016/17. Na táboa 1 recóllense os resultados.

Na maior parte dos casos os alumnos e as alumnas séntense satisfeitos ou moi satisfeitos cos aspectos valorados, destacando a valoración sobre os e as axentes implicados (coordinadora do programa, titores e titoras, directores e directoras, persoal de administración), cunha media superior a 4 puntos, nos dous anos avaliados. Non obstante, a valoración sobre o seu coñecemento acerca do sistema de bolsas e contratos é moi baixa. Para cubrir esta demanda de información, nos próximos cursos propoñemos incidir neste aspecto -que xa se estaba tratando- na sesión de benvida os novos e novas estudantes; así mesmo propoñemos incorporar un apartado específico de bolsas na web do programa. En calquera caso, cabe mencionar, que a valoración sobre este aspecto mellora nas enquisas dos alumnos e alumnas de terceiro.

Se comparamos os resultados por curso académico, vemos que non existen grandes diferenzas nos bloques 2 (procedementos administrativos) e 3 (axentes implicados). Hai un incremento importante no bloque 4 (recursos), e un decremento significativo no bloque 1. Este descenso está relacionado coa xa mencionada información sobre as bolsas.

Chama a atención a diferenza na resposta a pregunta “Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais” (pregunta 19), que no curso 2015/2016 é 5 (os/as alumnos/as responden maioritariamente que si) e no curso 2016/17 é 1 (os/as alumnos/as responden maioritariamente que non). A situación é similar noutros programas de doutoramento na Universidade de Vigo. Será necesario analizar a evolución desta pregunta en próximos cursos.



Se comparamos os resultados obtidos coa a media dos programas da Universidade de Vigo, veremos que a valoración do programa DocTIC é superior a media da Universidade de Vigo, en todos bloques, excepto no bloque de información xeral do programa. A este bloque pertence a pregunta sobre o coñecemento acerca do sistema de bolsas que tamén é baixo na media da Universidade de Vigo.

Táboa 1. Resumo das enquisas de satisfacción para alumnado de 1º.

	2015/16	2016/17
Valoración global	4.00	3.61
Poboación	24	23
Nº de Participantes	14	11
% de Participación	58%	48%
Bloque 1. Información xeral do programa	3.05	2.23
Bloque 2. Os procedementos administrativos	3.95	4.06
Bloque 3. Os axentes implicados	4.53	4.42

Bloque 4. Os recursos		3.80	4.61
Bloque 5. Oferta formativa		4.65	2.73
Bloque 1. Información Xeral do programa	A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadre docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.	4.00	3.45
	Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o alumnado de doutoramento (etapa de formación, mobilidade).	2.09	1.00
Bloque 2. Os procedementos administrativos	A organización do proceso de matrícula	4.15	4.00
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.	4.00	3.91
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios.	3.69	4.27
Bloque 3. Os axentes implicados	Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa.	4.62	4.64
	Estou satisfeito/a co labor do/a meu/miña titor/a.	4.77	4.45
	Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.	4.77	4.40
	O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.	4.42	4.55
	Estou satisfeito/a co labor do persoal administrativo do centro (facultade, escola).	4.38	4.09
	Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da Universidade de Vigo.	4.23	4.38
Bloque 4. Os recursos	O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese.	3.82	4.78

	Os espazos de traballo (para os/as doutorandos/as, a biblioteca, os laboratorios, etc.) son axeitados.	3.78	4.44
Bloque 5.Oferta formativa	Elixin este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.	5.00	1.00
	En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	4.31	4.45



Enquisa de satisfacción do alumando de 3º

Esta enquisa foi realizada entre o alumando matriculado por terceira vez no programa nos cursos 2015/16 e 2016/17. Na táboa 2 recóllense os resultados.

Facendo unha primeira análise por bloques, pódese ver que igual que sucedía cos alumnos e alumnas de 1º, as valoracións mais altas correspóndense cos bloques 3 (os axentes implicados) e 4 (os recursos) para os que a maioría dos/as estudantes séntense satisfeitos ou moi satisfeitos, superando o valor medio os 4 puntos. Os bloques 2 (os procesos administrativos) e 5 (a oferta formativa), tamén teñen unha valoración positiva nos dous anos avaliados, con valores medios por riba do 3.5. O bloque 1, sen embargo, ten unha valoración baixa.

Analizando cada unha das preguntas, obsérvase que esta baixa valoración está relacionada coa información sobre as bolsas posdoutorais e as saídas profesionais. Para cubrir esta demanda de información, propoñemos incorporar a web do programa un apartado específico de bolsas, e difundir as convocatorias de bolsas posdoutorais entre o noso alumando, a través das listas de distribución do programa.

Cabe salientar que a resposta a pregunta “Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento” a resposta maioritaria e que si, nos dous cursos avaliados.

Se comparamos os resultados por curso académico, vemos que non existen grandes diferencias nos bloques 2 (procedementos administrativos) e 3 (axentes implicados). Hai un incremento na valoración do bloque 1 (información xeral), e un decremento nos bloques 4 e 5 que, non obstante, continúan por riba do 3.5.

Se comparamos os resultados obtidos coa a media dos programas da Universidade de Vigo, veremos que a valoración do programa DocTIC é superior a media da Universidade de Vigo, en todos os bloques, excepto no bloque de información xeral do programa, no curso 2015/16. A este bloque pertencen as preguntas relacionadas coa información sobre bolsas posdoutorais e outras saídas profesionais, que tamén son as preguntas con valoración máis baixa na media da universidade.

Táboa 2. Resumo das enquisas de satisfacción para alumnado de 3º.

	2015/16	2016/17
Valoración Global	3.83	3.76
Poboación	23	20
Nº de participantes	12	7
% Participación	52%	35%
Bloque 1. Información Xeral do Programa.	2.61	3.12
Bloque 2. Os procedementos administrativos.	3.56	3.62
Bloque 3. Os axentes implicados.	4.35	4.20
Bloque 4. Os recursos.	4.52	4.00
Bloque 5. A oferta formativa.	4.13	3.85

Bloque 1. Información Xeral do Programa.	A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.	3.82	3.71
	Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos)	3.55	3.14
	Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre a mención internacional	2.73	3.50
	Coñezo o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación para o alumnado de doutoramento	2.82	5.00
	Coñezo o sistema de bolsas/contratos para os/as investigadores/as posdoutorais.	1.73	2.33
	Facilitouse información sobre saídas profesionais tras o doutoramento.	1.00	1.00
Bloque 2. Os procedementos administrativos.	A organización do proceso de renovación da matrícula.	4.09	3.86
	Coñezo os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.	3.18	3.40
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.	3.09	3.57
	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios	3.55	3.43
	Os procedementos relativos ás avaliacións anuais foron satisfactorios	3.91	3.86
Bloque 3. Os axentes implicados.	Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa	4.60	4.14
	Estou satisfeito/a co labor do/a meu/ miña titor/a.	4.73	4.86
	Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/ miña/s director/a/s de tese.	4.73	4.86
	O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.	5.00	4.20
	Estou satisfeito/a co labor do persoal administrativo do centro (Facultade, Escola).	4.00	3.71
	Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da Universidade de Vigo.	3.56	4.00
	Estou satisfeito/a co funcionamento da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da Universidade de Vigo.	3.86	3.60
Bloque 4. Os recursos.	O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese.	4.55	3.86
	Os espazos de traballo (para os/as doutorandos/as, a biblioteca, os laboratorios, etc.) son axeitados.	4.50	4.14
Bloque 5.	O tema da miña tese respondeu ás miñas expectativas.	4.30	4.29

	O programa achegoume coñecementos novos, precisos e actualizados.	4.40	3.86
	A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) foi satisfactoria, de interese e de calidade.	4.00	3.14
	Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.	3.91	5.00
	O programa abriume novas perspectivas cara á miña inserción laboral.	4.20	3.00
	O meu esforzo e dedicación foron suficientes para a miña investigación.	4.27	4.33
	En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	3.82	3.00
	Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento	4.11	4.20

